

AS VIDAS DE SING SING

Greg Kwedar, 2024

1440

ESTREA EN NUMAX: 10.01.2025 | V.O.S.E. | +12 | 106 min

Encarcerado no centro de máxima seguridade de Sing Sing por un delito que non cometeu, Divine G. encontra un propósito actuando nun taller de teatro canda outros presos. O seu soño é montar a súa propia produción orixinal nesta historia de resiliencia e humanidade sobre o poder transformador da arte.

«Unha carta de amor ao poder transformador das artes escénicas»

Valerie Complex, DEADLINE



Profundo e sentido drama tras as barras da prisión

Por Radheyana Simonpillai

Cando soa unha serea n' *As vidas de Sing Sing*, John "Divine G" Whitfield (Colman Domingo) atópase entre os homes que se tiran ao chan inmediatamente para asegurarse de que os gardas da prisión non os confundan cunha ameaza. Anica o seu corpo de modo que os nocellos, as palmas, os dedos e as fazulas toquen o chan. É coma se tivese que deixar escapar todo o aire, xunto coa súa humanidade, para poder anicarse tanto. Así é como funciona a prisión.

En *Sing Sing* vemos os rexistros das celas e os controis de seguridade, e a rixidez e a falta de alma con que os homes que cumpren condena deben recompoñerse. Pero esta delicada e afectuosa película que segue as persoas que interpretan Shakespeare na penitenciaría de máxima seguridade, tende a non deterse nos momentos deshumanizantes. Esta é a historia de como escapan de todo iso a través do programa Rehabilitación a Través das Artes (RTA), que leva talleres de danza, teatro, música e escritura ás prisións.

As vidas de Sing Sing, dirixido por Greg Kwedar, funciona en gran medida como un testemuño inspirador do programa RTA, que é unha vía para a xustiza restaurativa cunha taxa de éxito probada. Só o 3% dos participantes de RTA regresan a prisión, segundo o sitio web do programa, un marcado contraste cunha media nacional que supera amplamente o 60%. Kwedar, que tamén traballou como instrutor da RTA, centra a película na amizade entre Whitfield e o seu compañeiro George "Divine Eye" Maclin. O verdadeiro Maclin está aquí, ofrecendo unha interpretación crúa e vulnerable de si mesmo máis novo. O verdadeiro Whitfield –a quen Domingo interpreta con capas complexas e ricas– fai tamén un pequeno cameo.

Como na vida real, Whitfield e Maclin forman unha parella atractiva pero improbable. O primeiro, un participante experimentado e entusiasta do programa da RTA, é recto e sincero. Está a construír con entusiasmo unha comunidade na prisión a través do teatro. Maclin, doutra banda, ten os ombreiros encorvados nunha posición defensiva, coma se sempre estivese listo para saltar ao ring. Whitfield recruta a Maclin para o programa de teatro e logo sorpréndese da súa querenza por Shakespeare.

Kwedar difumina intencionalmente as liñas entre a ficción e a realidade da película, ou entre o docudrama e o documental. As escenas nas que os ex alumnos da RTA recrean talleres de improvisación fan, efectivamente, que improvisen de novo. E a miúdo eses participantes simplemente transmiten a súa propia experiencia á cámara. Whitfield e Maclin mesmo aparecen nos créditos de escritura, e todos os ex alumnos da RTA que participaron manteñen unha participación activa na película por compartir as súas vidas mentres traballaban en colaboración cos cineastas. O coidado que Kwedar, Bentley e mesmo Domingo (todos eles produtores) teñen para honrar e protexer a estes suxeitos e as súas historias, e recrear a natureza colaborativa que tiñan ao crear "Breakin' the Mummy's Code", é inspirador e profundamente sentido.

Esa amabilidade tamén pode ser inhibidora. A película non busca máis información dos personaxes. Tampouco se toma demasiadas licenzas dramáticas. Kwedar non está a facer *Cadena perpetua* (Frank Darabont, 1994) para satisfacer as demandas dunha audiencia. En troques, está a convidar ao público a ser parte de algo que esixe paciencia e transcende a relación extractiva habitual que as películas teñen cos seus suxeitos.